

O NOSO SANGUE PLANTARÁ AS SÚAS OLIVEIRAS

POEMAS DE MAHMUD DARWISH

PASAXEIROS ENTRE PALABRAS FUGACES

Pasaxeiros entre palabras fugaces:
cargade cos vosos nomes e marchade,
quitade as vosas horas do noso tempo e marchade,
tomade o que queirades do azul do mar
e da area da lembranza,
tomade todas as fotos que queirades para saber
o que nunca saberedes:
como as pedras da nosa terra
constrúen o teito do ceo.

Pasaxeiros entre palabras fugaces:
vós tedes espadas, nós sangue,
vós tedes aceiro e lume, nós carne,
vós tedes outro tanque, nós pedras,
vós tedes gases lacrimóxenos, nós choiva,
pero o ceo e o aire
son os mesmos para todos.
Tomade unha parte do noso sangue e marchádevos,
entrade na festa, ceade e bailade...
logo marchade
para que nós coidemos as rosas dos nosos mártires
e vivamos como queiramos.

Pasaxeiros entre palabras fugaces:
como po amargo, pasade por onde queirades, pero
non pasedes entre nós como insectos voadores
porque recollemos a colleita da nosa terra.
Temos trigo que sementamos e regamos co orballo
dos nosos corpos
e temos, aquí, o que non vos gusta:
pedras e pudor.
Levade o pasado, se queredes, ao mercado
de antigüidades
e devolvede o esqueleto á bubela
nun prato de porcelana.
Temos o que non vos gusta: o futuro
e o que sementamos na nosa terra.

Pasaxeiros entre palabras fugaces:
amoreade as vosas fantasías nunha focha
abandonada e marchade,
devolvede as agullas do tempo á lei do becerro de ouro
ou ao horario musical do revólver
porque aquí temos o que non vos gusta. Marchade.

E temos o que non vos pertence:
un pobo e unha patria desangrándose,
un país útil para o esquecemento e para a lembranza.

Pasaxeiros entre palabras fugaces:
é hora de que vos marchedes.
Asentádevos onde queirades, pero non entre nós.
É hora de que vos marchedes
a morrer onde queirades, pero non entre nós
porque temos traballo na nosa terra
e aquí temos o pasado,
a voz inicial da vida,
e aquí temos o presente e o futuro
aquí temos esta vida e a outra.
Marchádevos da nosa terra,
do noso chan, do noso mar,
do noso trigo, do noso sal, das nosas feridas,
de todo... marchade
das lembranzas da memoria,
pasaxeiros entre palabras fugaces.

A TERRA ESTREITASE PARA NÓS

A terra estreitase para nós. Amoréanos na última pasaxe
e despóxanos dos nosos membros para pasar.
A terra esprémenos. Ah, se fósemos o seu trigo para morrer
e renacer! Ah, se fose a nosa nai
para apiadarse de nós! Ah, se fósemos imaxes de rochas que
o noso soño portara
como espellos! Vimos os rostros dos que ha matar o último
de nós na última defensa da alma.
Choramos o aniversario dos seus fillos. E vimos os rostros
dos que han botar os nosos fillos
polas fiestras deste último espazo. Espellos que pulirá a nosa
estrela.
Onde iremos despois das últimas fronteiras? Onde voarán
os paxaros despois do último
ceo? Onde durmirán as plantas despois do último aire?
Escribiremos os nosos nomes con vapor
tinguido de carmesí, cortaremos a man ao momento para
que o complete a nosa carne.
Aquí morreremos. Aquí, na última pasaxe. Aquí ou alí...
o noso sangue plantará as súas oliveiras.

FÁLTANOS UN PRESENTE

Partamos tal como somos:

unha dama libre
e o seu amigo fiel.

Partamos xuntos en dúas direccións.

Partamos xuntos como somos, unidos
e separados.

Nada nos causa dor,

nin o divorcio das pombas nin o frío nas mans

nin o vento en torno á igrexia.

As amendeiras non floreceron de todo.

Sorrí para que sigan florecendo

entre as bolboretas das túas fochiñas.

Dentro de pouco teremos outro presente.

Se dás a volta non verás

senón exilio tras de ti:

o teu dormitorio,

o salgueiro da praza,

o río, tras os edificios de cristal

e o café das nosas citas... todo, todo

preparado para converterse en exilio.

Sexamos bos!

Partamos tal como somos:

unha muller libre e un amigo fiel ás súas frautas.

Non temos suficiente idade para envellecer xuntos,

ir a paso lento ao cine,

ver o epílogo da guerra entre Atenas e os seus veciños

e asistir dentro de pouco

á cerimonia de paz entre Roma e Cartago.

Dentro de pouco os paxaros migrarán dun tempo a outro.

Este camiño non é máis que po

en forma de sentido? Conduciunos

nunha viaxe efémera entre dous mitos?

É necesario e somos necesarios,

como un estraño que se ve nos espellos da súa estraña?

«Non, este non é o camiño ao meu corpo».

«Non hai solucións culturais para as preocupacións existenciais».

«Alá onde esteas, meu ceo é

verdadeiro».

«Quen son eu para devolverche o sol e a lúa precedentes?»

Sexamos bos...

Partamos tal como somos:

Unha amante libre

e o seu poeta.

Non caeu suficiente neve

de decembro. Sorrí

e caerá como folerpas de algodón sobre as oracións do cristián.

Dentro de pouco retornaremos ao noso mañá, tras nós,

alá onde eramos dous nenos ao comezo do amor

xogando a Romeo e Xulieta

para aprender o léxico de Shakespeare...

As bolboretas voaron do soño

como as miraxes dunha paz rápida.

Coroáronnos con dúas estrelas

e matáronnos no combate polo nome

entre dúas fiestras.

Partamos, pois,

e sexamos bos.

Partamos como somos:

unha muller libre e

o seu amigo fiel.

Partamos tal como somos. De

Babilonia viñemos co vento

e cara a Babilonia vamos.

A miña viaxe non é suficiente

para que, sobre as miñas pegadas, os pinos se convertan
en panexíricos do lugar meridional.

Nós somos bos aquí. O vento do norte

é o noso vento e meridionais son as cancións.

Son eu outra ti

e ti outro eu?

Este non é o meu camiño á terra da miña liberdade.

Este non é camiño ao meu corpo

E non serei «eu» dúas veces

agora que o meu pasado ocupou o lugar do meu mañá

e escindínome en dúas mulleres.

Non son oriental

nin occidental.

Non son unha oliveira que dá sombra a dúas aleias.

Partamos pois.

«Non hai solucións colectivas para obsesións persoais».

Non é suficiente que esteamos xuntos

para estar xuntos...

Fáltanos un presente para ver

onde estamos, partamos tal como somos,

unha muller libre

e o seu vello amigo.

Partamos xuntos en dúas direccións.

Partamos xuntos

e sexamos bos...